

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030001 OS CASTROS DE FERREIRA DE OURAL

LOCALIZACIÓN: ENTRE SOUTOXUANE E FERREIRA DE OURAL

PARROQUIA: SANTA MARÍA MAIOR (SANTA MARÍA)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: ASENTAMENTO FORTIFICADO / CASTRO

ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO

GRAO DE PROTECCIÓN: II


CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: PATRIMONIAL
ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN
AGRÍCOLA

Nº DE PLANO: 2.60

ALTITUDE: 430

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
638.025	4.808.019



Unha pista atravesa o que está considerado como castro, dende o leste, aínda que non se observan elementos en superficie, salvo a súa localización nun punto elevado e fácilmente defensivo, no contorno do Rego dos Corgos.


O castro, de planta oval, abrangue unha superficie aproximada de 4,5 Ha cunha dimensión no eixe E-W de 300 m e 150 m no eixe N-S.

O acceso principal ao recinto se localiza no leste, onde semella que queda unha pequena muralla, aínda que as condicións da vexetación non fan posible unha observación clara.

As delimitacións en plano e foto aérea son orientativas xa que non se observa ningún elemento indicativo.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA		
DENOMINACIÓN: GA 27030001 OS CASTROS DE FERREIRA DE OURAL		Nº DE PLANO: 2.60



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030002 OS CASTROS DE SANTA MARÍA MAIOR, A CROA, O CASTELO...

LOCALIZACIÓN: ENTRE CRUZ DA CARREIRA E REGO CAVADO

PARROQUIA: SANTA MARÍA MAIOR (SANTA MARÍA)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: ASENTAMENTO FORTIFICADO / CASTRO

ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO

GRAO DE PROTECCIÓN: II


CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: PATRIMONIAL
ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN
AGRÍCOLA / DE AUGAS / DE INFRAESTRUTURAS

Nº DE PLANO: 2.68

ALTITUDE: 334

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
637.187	4.806.364



Está situado a carón da estrada local LU-124 (LU 31-03), sobre unha pequena planicie de media montaña no contorno do Río Baus.

O xacemento, de planta oval con dimensións dos eixes de 250 m e 200 m, orientados NW-SE e NE-SW respectivamente, abrangue unha superficie de 5 Ha.

Dentro do recinto pódense diferenciar o espazo de croa e as terrazas.

A Croa sobresa no contorno e se presenta cun terraplén arredor definindo un foso na parte sur.


Conserva estruturas defensivas e só presenta alteracións derivadas da vexetación.

A pesar de estar todo él cuberto de maleza obsérvanse estruturas murarias das que non se pode precisar a cronoloxía.

Na zona sur e suroeste, aprécianse elevacións do terreo que se poderían identificar con murallas, hoxe moi desgastadas. Non se observan estruturas deste tipo no resto da área.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA		
DENOMINACIÓN: GA 27030002 OS CASTROS DE SANTA MARÍA MAIOR, A CROA, O CASTELO...	Nº DE PLANO:	2.68



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030003 O CASTELO DE XAN DA MARIÑA

LOCALIZACIÓN: AO OESTE DE CRUZ DA CARREIRA

PARROQUIA: SANTA MARÍA MAIOR (SANTA MARÍA)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: ASENTAMENTO FORTIFICADO / CASTRO

ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO

GRAO DE PROTECCIÓN: II


CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: PATRIMONIAL
ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE
AUGAS

Nº DE PLANO: 2.67

ALTITUDE: 295

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
636.188	4.806.469




O castro está situado sobre unha planicie a media montaña moi próxima ao val do río Baus. O acceso principal se realiza dende o lado norte, pola estrada Curros - Cruz da Carreira.

O recinto principal, que conta cunha superficie total de 1 Ha e eixes de 100 m de lonxitude, é una zona elevada sobre o resto da planicie na que se localiza.

Presenta restos de muros no contorno desta elevación de difícil adscripción cronolóxica. Os grandes desniveis naturais conforman unha importante rede defensiva.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA	
DENOMINACIÓN: GA 27030003 O CASTELO DE XAN DA MARIÑA	Nº DE PLANO: 2.67



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030004 O CASTRO DE CURROS

LOCALIZACIÓN: CURROS

PARROQUIA: SANTA MARÍA MAIOR (SANTA MARÍA)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: ASENTAMENTO FORTIFICADO / CASTRO

ESTADO DE CONSERVACIÓN: MALA

GRAO DE PROTECCIÓN: II


CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN
ORDINARIA / AGRÍCOLA / SOLO DE NÚCLEO RURAL
HISTÓRICO TRADICIONAL

Nº DE PLANO: 2.67

ALTITUDE: 443

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
635.580	4.806.964



O castro está localizado no barrio de Curros sobre unha planicie de media montaña actualmente adicada a pradería e terra de cultivo. Consérvanse estruturas agrarias que parecen respectar as liñas das terrazas antigas, pero non se pode delimitar o xacemento con claridade.

Planta oval de 10 Ha de superficie e dimensións de 400 m e 250 m nos eixes. O recinto principal do castro estraría baixo as edificacións actuais, pero non se pode precisar máis xa que non se aprecian restos das antigas defensas.

Non se establece unha zona de ocupación do xacemento dado que as edificacións e os cultivos transformaron a paisaxe de xeito que a delimitación do mesmo é moi complexa.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA	
DENOMINACIÓN: GA 27030004 O CASTRO DE CURROS	Nº DE PLANO: 2.67



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030005 O CASTRO DE LINDÍN, VILA DAS CÁRCAVAS

LOCALIZACIÓN: O CASTRO (AS CÁRCAVAS)

PARROQUIA: LINDÍN (SANTIAGO)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: ASENTAMENTO FORTIFICADO / CASTRO

ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO

GRAO DE PROTECCIÓN: II

CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: PATRIMONIAL
ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN
ORDINARIA / AGRÍCOLA / DE INFRAESTRUTURAS / SOLO DE
NÚCLEO RURAL HISTÓRICO TRADICIONAL

Nº DE PLANO: 2.52

ALTITUDE: 345

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
635.709	4.808.574




Xacemento situado nun saínte da ladeira á que se accede dende o núcleo de Castro, polo leste.

Recinto oval cunha superficie total de 6 Ha, de diámetro aproximado no eixe NE-SW de 300 m e un eixe menor de 200 m.

Está localizado sobre unha planicie, dentro do que parecen verse estruturas soterradas. No contorno localízanse muros de pedra que semellan ter sido realizados posteriormente. Para as defensas, ademais da inclinación natural do terreo podemos descubrir un parapeto cun foso exterior que rodea todo o recinto.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA	
DENOMINACIÓN: GA 27030005 O CASTRO DE LINDÍN, VILA DAS CÁRCAVAS	Nº DE PLANO: 2.52



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030006 O COTO DO CASTRO E O CERRALLÓN DO CASTRO

LOCALIZACIÓN: O CASTRO - O BARRAL

PARROQUIA: ARGOMOSO (SAN PEDRO)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRIBIÓN CULTURAL: ASENTAMENTO FORTIFICADO / CASTRO

ESTADO DE CONSERVACIÓN: REGULAR

GRAO DE PROTECCIÓN: II


CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: PATRIMONIAL
ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN
AGRÍCOLA / DE AUGAS / DE ESPAZOS NATURAIS / DE
INFRAESTRUTURAS / SOLO DE NÚCLEO RURAL HISTÓRICO
TRADICIONAL

Nº DE PLANO: 2.65

ALTITUDE: 396

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
632.700	4.806.700



O castro está situado no esporón que domina o val do río Valiñadares, o do Rego de Argomoso e o Rego de Escourido, sobre un subsolo composto por caliza con mestura de pizarras. Próximo a él atópase o topónimo de “Castro do Sol”, pero non hai xacemento.

Trátase dun recinto oval, adaptado ao terreo con dimensións de 375 m no eixe NE-SW e 150 m en dirección NW-SE e cunha superficie total de 5,6 Ha.


O acceso aor recinto se realiza dende o lado sur do mesmo. Na superficie ocupada pola edificación e na súa zona de influencia suponse desaparecido aínda que no resto da área parece conservarse bastante ben.

Na zona norte, no bloque de casas e na zona sur aprécianse elevacións do terreo que poderían responder ao sistema defensivo. Tamén se atoparon restos de muros indatables no exterior e unha moeda de bronce do emperador Adriano.

CONCELLO DE MONDOŃEDO
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA	
DENOMINACIÓN: GA 27030006 O COTO DO CASTRO E O CERRALLÓN DO CASTRO	Nº DE PLANO: 2.65



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030007 COVA DO REI CINTOLO

LOCALIZACIÓN: SUPENA

PARROQUIA: ARGOMOSO (SAN PEDRO)

TITULARIDADE: PÚBLICA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: COVA

ESTADO DE CONSERVACIÓN: REGULAR

GRAO DE PROTECCIÓN: II



CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: PATRIMONIAL
ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE
ESPAZOS NATURAIS

Nº DE PLANO: 2.65

ALTITUDE: 345

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
632.196	4.806.180



O acceso principal á cova se realiza dende a estrada que une Supena e Orxal, mediante un sendeiro que conduce ata a boca da mesma.

Trátase dunha gruta calcárea con combinacións de calizas e pizarras no seu interior, cunha corrente de auga que discorre polo interior da mesma. Actualmente conta cuns 6.500 metros de galerías explorados.

Estrutúrase en varios niveis tendo a entrada no nivel superior. Actualmente presenta abundantes desperfectos en tódolos niveis de galerías debido á liberdade de acceso existente ata o ano 2002. A día de hoxe o acceso está restrinxido e controlado polo Concello de Mondoñedo co fin de evitar máis desperfectos.

Os restos arqueolóxicos atopáronse todos no nivel superior, e están clasificados da seguinte maneira:

Metais: Un puñal de época moderna "sfondagiaco".

Cerámica Unha fusaiola e outros fragmentos.

Lítica Unha punta de frecha.

Óseo Un elemento óseo de bóvido e varios fragmentos humanos.

Nas escavacións doa no 2002 (Villar, 2003 e 2007) documentáronse, ademais, carbóns, restos cerámicos, líticos e óseos.


A cova foi obxecto de investigacións dende o século XIX (Villamil 1873) e durante o século XX.

Hai que sinalar tamén que en torno a esta cavidade localízanse 18 covas máis. Dentro delas, a Cova da Marieneta, foi valorada en 1989 (Soto etAl, 1994) sen documentar restos.

CONCELLO DE MONDOŃEDO
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA	
DENOMINACIÓN: GA 27030007 COVA DO REI CINTOLO	Nº DE PLANO: 2.65



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030008 COVA DE FURADA DOS CAS

LOCALIZACIÓN: GUILLADE

PARROQUIA: VILAMOR (SANTA MARÍA)

TITULARIDADE:

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: COVA

ESTADO DE CONSERVACIÓN: MALO

GRAO DE PROTECCIÓN: II

CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: PATRIMONIAL
ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN
FORESTAL

Nº DE PLANO: 2.27

ALTITUDE: 270

SITUACIÓN (COORD. UTM):


X	Y
635.871	4.813.852



A cova está situada ao leste do núcleo de Guillade, no límite municipal con Lourenzá. Trátase dunha gruta calcárea onde se mesturan calizas e pizarras localizada case na cima do outeiro, cun percorrido de 19 metros lineais e importante desnivel. Conta cun difícil acceso ata a entrada pola súa localización, xa que o contorno soe ter abundante maleza. Esta foi a primeira cova escavada en Galicia no ano 1867 (López García 2003). Os restos foron documentados e publicados por Villaamil en 1873. Está aberta a todo o mundo e se atopa bastante alterada. Aмосa restos de pedras caídas pola pendente posto que na cima houbo unha canteira. Existen restos materiais documentados, procedentes da cova, algúns de natureza lítica (tres machados, unha fina lousa e dúas pedras prismáticas) e outros restos óseos (ósos de animais e adornos).

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS



ARQUEOLOXÍA	
DENOMINACIÓN: GA 27030008 COVA DE FURADA DOS CAS	Nº DE PLANO: 2.27



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA


DENOMINACIÓN: GA 27030009 CASTRO DAS PENELAS, CASTRO DE RIBEIRA, ALTO DOS CASTROS	Nº DE PLANO: 2.15
LOCALIZACIÓN: PENELAS	ALTITUDE: 107
PARROQUIA: MASMA (SANTO ANDRÉ)	SITUACIÓN (COORD. UTM):
TITULARIDADE: PRIVADA	X Y
TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: ASENTAMENTO FORTIFICADO / CASTRO	636.400 4.816.800
ESTADO DE CONSERVACIÓN: REGULAR	
GRAO DE PROTECCIÓN: II	
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: PATRIMONIAL	
	ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS



O castro está situado sobre o límite parroquial con Lourenzá, polo que está catalogado nos dous concellos. Trátase dunha elevación do terreo flanqueada polo Río Masma e o Rego do Batán. Actualmente non se observa nada xa que a superficie está cuberta por vexetación. O recinto ten unha planta oval cunha superficie total de 3,1 Ha e unhas dimensións de 250 m no eixe NW-SE e de 125 no eixe NE-SW. É unha planicie cuberta de vexetación, polo que se fai difícil observar elementos no seu interior. Na foto aérea conséguense ver dous recintos: unha croa e un antecastro cara o norte. Seguindo a foto aérea parece que temos dous parapetos cos seus respectivos fosos rodeando os dous recintos. En canto aos materiais, destaca unha pedra de xisto pulido que puido servir de base a unha columna ou ben para as xambas dunha porta (en documentación da Xunta).

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA		
DENOMINACIÓN: GA 27030009 CASTRO DAS PENELAS, CASTRO DE RIBEIRA, ALTO DOS CASTROS	Nº DE PLANO:	2.15



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030010 A CROA DE ZOÑÁN (E CASTRO)

LOCALIZACIÓN: SAN CRISTOVO

PARROQUIA: REMEDIOS (OS) (NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS)

TITULARIDADE: CONCELLO / PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRIBIÓN CULTURAL: ASENTAMENTO FORTIFICADO / CASTRO

ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO

GRAO DE PROTECCIÓN: II


CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: PATRIMONIAL
ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN
ORDINARIA / FORESTAL / DE AUGAS

Nº DE PLANO: 2.42/ 2.49

ALTITUDE: 325

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
630.076	4.809.637



Castro formado por unha croa de forma lixeiramente ovoide alongada no eixe SW-NE situado nun saínte de media montaña que domina o val do Río Cesuras, no contorno do Rego de Zoñán.

A croa, cunha superficie total de 7,8 Ha, presenta un diámetro aproximado de 450 m no eixe SW-NE e 175 m no eixe NW-SE.

Ao castro se accede dende Zoñán polo oeste e á croa de forma directa polo norte e dende o surlleste mediante un camiño empedrado.

A croa está delimitada por muros de recente construción, destacando a grande pendente polo leste e o sur; no norte e oeste non se conservan restos de defensa.


Nas campañas de escavacións feitas en 1867 e nos anos 2002-2009 atopáronse materiais de diversa índole, como unha cuncha de bronce e un machado.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030010 A CROA DE ZOÑÁN (E CASTRO)

Nº DE PLANO: 2.42/ 2.49



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030011 CASTRO DA RECADIEIRA

LOCALIZACIÓN: COTO DA RECADIEIRA

PARROQUIA: REMEDIOS (OS) (NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: ASENTAMENTO FORTIFICADO / CASTRO

ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO

GRAO DE PROTECCIÓN: II


CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: PATRIMONIAL
ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN
ORDINARIA / DE ESPAZOS NATURAIS / DE
INFRAESTRUTURAS / SOLO DE NÚCLEO RURAL HISTÓRICO
TRADICIONAL

Nº DE PLANO: 2.31/ 2.32

ALTITUDE: 133

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
633.087	4.812.289



Pequeno outeiro dentro dunha valgada sobre substrato granítico.

Está rodeado por dous cursos fluviais: o do Río Tronceda polo oeste e do Río Valiñadares polo leste.

Castro de planta redondeada de 3,7 Ha de superficie total e dimensións lonxitudinais de 250 metros o eixe maior e 150 metros o eixe menor.

O acceso principal ao recinto se realiza por riba da muralla dende o lado sur ou surlleste onde o relevo é máis tendido. Parecen observarse estruturas debaixo da maleza: tres murallas no norte con acceso escarpado e murallas no leste, oeste e sur con acceso máis sinxelo.

Dentro do recinto temos a chamada Pena do Unto, na que, en palabras dos veciños, os mouros facían "sacrificios enriba dela"; tamén hai un "Xogo de bólas" dentro doutra pena, ambos son elementos de folclore do xacemento.

Froito das prospeccións anteriores foron dous torques e unha torta de fundición (Museo Provincial de Lugo).


CONCELLO DE MONDOŃEDO
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030011 CASTRO DA RECADIEIRA

Nº DE PLANO: 2.31/ 2.32



CONCELLO DE MONDOÑEDO
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030012 ARDILLEIROS

LOCALIZACIÓN: ARDILLEIROS

PARROQUIA: MASMA (SANTO ANDRÉ)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: OUTROS XACEMENTOS

ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO

GRAO DE PROTECCIÓN: II


CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN
FORESTAL / DE AUGAS / ORDINARIA

Nº DE PLANO: 2.14

ALTITUDE: 90

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
634.169	4.816.060



O xacemento, localizado sobre substrato pizarroso, é de forma circular cun diámetro aproximado de 100 metros. Trátase dunha chaira, rodeada por tres outeiros e vexetación a base de eucaliptal e praderías, situada no contorno do Rego de Ardilleiro na Parroquia de Masma, próximo ao núcleo de O Arco. O acceso se realiza dende a estrada provincial LU-160 no tramo A Retorta-Campo de Arco. Según documentación aportada pola Xunta foron atopados unicamente anacos de cerámica. Trátase dun indicio sen máis.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA	
DENOMINACIÓN: GA 27030012 ARDILLEIROS	Nº DE PLANO: 2.14



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030013 OS CASTROS DE MONDOÑEDO

LOCALIZACIÓN: MONDOÑEDO

PARROQUIA: REMEDIOS (OS) (NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: ASENTAMENTO FORTIFICADO / CASTRO

ESTADO DE CONSERVACIÓN: MALO

GRAO DE PROTECCIÓN: II


CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: ÁREA DE RESPECTO: SOLO URBANO / SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN PATRIMONIAL / INFRAESTRUTURAS

Nº DE PLANO: 2.43

ALTITUDE:

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
632.366	4.810.096



O xacemento está situado nun promontorio sobre o val de Mondoñedo, e abrangue unha superficie aproximada de 1 Ha cunhas dimensións dos eixes de 125 e 80 m .

Practicamente perdido, actualmente non se ven evidencias da existencia do castro, xa as edificacións e rúas do núcleo urbano están sobre él. A delimitación proposta se inclúe como unha hipótese do que puido ser.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030013 OS CASTROS DE MONDOÑEDO

Nº DE PLANO:

2.43



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030014 ABRIGO DE MONTE LOURIDO

LOCALIZACIÓN: MONTE LOURIDO

PARROQUIA: COUBOEIRA (SANTA MARÍA MADALENA)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: OUTROS XACEMENTOS

ESTADO DE CONSERVACIÓN: REGULAR

GRAO DE PROTECCIÓN: II


CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: PATRIMONIAL
ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN
FORESTAL

Nº DE PLANO: 2.20

ALTITUDE: 128

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
633.405	4.815.337



Xacemento de difícil localización e delimitación pola gran cantidade de vexetación existente na zona.


O emprazamento é unha planicie a media ladeira, cuberta por eucaliptal e monte raso, que limita polo norte e noreste co Rego da Couboeira. Ten unha superficie total de 1,2 Ha.

Ao lugar se accede monte a través dende o lado sur como forma máis sinxela de acceso. Nesta pequena planicie documéntanse unha serie de rochas graníticas que forman abrigos.

En prospeccións anteriores, segundo as fichas, téñense documentado anacos de cerámica.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA	
DENOMINACIÓN: GA 27030014 ABRIGO DE MONTE LOURIDO	Nº DE PLANO: 2.20



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030015 CROA DE FIGUEIRAS; CROA DE PEDRO POMBEIRO

LOCALIZACIÓN: FIGUEIRAS

PARROQUIA: FIGUEIRAS (SAN MARTIÑO)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: ASENTAMENTO FORTIFICADO / CROA

ESTADO DE CONSERVACIÓN: REGULAR

GRAO DE PROTECCIÓN: II

CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: PATRIMONIAL
ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN
ORDINARIA / DE AUGAS / FORESTAL / DE INFRAESTRUTURAS
/ DE SOLO DE NÚCLEO RURAL HISTÓRICO TRADICIONAL

Nº DE PLANO: 2.17/ 2.18

ALTITUDE: 463

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
629.032	4.815.555



O xacemento está situado sobre unha pequena planicie de montaña, no lugar de Poceira, ao que se accede principalmente dende a estrada CP 31-08.

Semella un recinto oval, actualmente bastante alterado debido aos traballos agrícolas durante longo tempo, polo que é difícil delimitar con claridade o mesmo.

Ten unha superficie aproximada de 1,5 Ha con dimensións de 150 m no eixe maior en dirección NE-SW e 100 m no eixe menor NW-SE.

Non se aprecian murallas. Hai un importante desnivel no norte, oeste e sur, polo que o acceso máis sinxelo ao recinto se atopa no lado leste.


CONCELLO DE MONDOŃEDO
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030015 CROA DE FIGUEIRAS; CROA DE PEDRO POMBEIRO

Nº DE PLANO: 2.17/ 2.18



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030016 CASTRO DE SAN PEDRO DA TORRE

LOCALIZACIÓN: SAN PEDRO DA TORRE

PARROQUIA: VILAMOR (SANTA MARÍA)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: ASENTAMENTO FORTIFICADO / CASTRO

ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO

GRAO DE PROTECCIÓN: II

CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA / AGRÍCOLA / DE INFRAESTRUTURAS / SOLO DE NÚCLEO RURAL HISTÓRICO TRADICIONAL

Nº DE PLANO: 2.38

ALTITUDE: 196

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
634.350	4.811.937



Atópase próximo á capela de San Pedro, nunha planicie nas primeiras estribacións do Monte Padornelo, segundo as coordenadas oficiais.

Falando cos veciños, estes contan que saíron elementos medievais da capela durante unha reforma no pasado. Este lugar xunto con "Vigo" situado ao norte deste emprazamento, parece responder a un aproveitamento do terreo de ladeira con aterrazamentos sen poder precisar a cronoloxía do mesmo.

Parece que pola toponimia debería incluírse en Medieval e non en Castrexo. Ademais o lugar onde se localiza a coordenada non parece poder albergar un asentamento deste tipo. Non se observan estruturas dentro, tan só se pode apreciar o gran desnivel que hai ao norte e oeste.

Ten unha superficie total de 1 Ha con eixes de aproximadamente 100 m, ao que se accede máis facilmente dende o noroeste e dende o sur.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030016 CASTRO DE SAN PEDRO DA TORRE

Nº DE PLANO:

2.38



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030017 TORRE DO GORRETE

LOCALIZACIÓN: O OUTEIRO

PARROQUIA: MASMA (SANTO ANDRÉ)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: ARQUITECTURA MEDIEVAL

ESTADO DE CONSERVACIÓN: MALO

GRAO DE PROTECCIÓN: I


CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: DE ESPAZOS NATURAIS /
SOLO DE NÚCLEO RURAL HISTÓRICO TARDICIONAL

Nº DE PLANO: 2.21

ALTITUDE: 70

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
635.518	4.815.787



A torre está situada na zona baixa do val do río Masma. Se trata dunha estrutura rectangular cunha superficie de 84 m², na que se aprecian os restos dunha torre cadrada e un arco baixo o cal pasa un camiño transitabile. O resto da edificación é unha vivenda asentada sobre o que puido ter sido a torre.

CONCELLO DE MONDOŃEDO
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA		
DENOMINACIÓN: GA 27030017 TORRE DO GORRETE	Nº DE PLANO:	2.21



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030018 TORRE DE VILAMOR

LOCALIZACIÓN: A TORRE - CHAO DO VAL

PARROQUIA: VILAMOR (SANTA MARÍA)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: ARQUITECTURA MEDIEVAL

ESTADO DE CONSERVACIÓN: DESAPARECIDA

GRAO DE PROTECCIÓN: I


CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN

Nº DE PLANO: 2.26

ALTITUDE: 97

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
634.726	4.813.585



As coordenadas aquí indicadas sinalan o lugar catalogado e o plano indica o edificio onde debería de estar a construción, hoxe en día desaparecida.

O acceso se realiza por unha pista dende o leste, dende o val de Vilamor.

Existen imaxes da torre no ano 2001, onde se observa que o conxunto é a torre, unha casa diante e un hórreo.

Protección só para remocións de terras.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA	
DENOMINACIÓN: GA 27030018 TORRE DE VILAMOR	Nº DE PLANO: 2.26



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030019 CASTRO DE VILAMOR

LOCALIZACIÓN: GUILLADE

PARROQUIA: VILAMOR (SANTA MARÍA)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: ASENTAMENTO FORTIFICADO / CASTRO

ESTADO DE CONSERVACIÓN: MALO

GRAO DE PROTECCIÓN: II

CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: PATRIMONIAL
ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN
AGRÍCOLA / DE AUGAS

Nº DE PLANO: 2.26

ALTITUDE: 102

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
634.956	4.813.971



Ao castro se accede dende un camiño que vai dende Guillade ata A Granda, e está situado sobre unha lixeira elevación no interior dun pequeno val de arboredo autóctono, pradería e terreo agrícola, limitando polo oeste co Rego da Lamela. Abrangue unha superficie aproximada dunha hectárea, cun importante desnivel na parte norleste aproveitando un posible cauce de auga. Non quedan restos en superficie definitivos, polo tanto pode estar desaparecido.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA	
DENOMINACIÓN: GA 27030019 CASTRO DE VILAMOR	Nº DE PLANO: 2.26



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030020 CASA DOS CASTROS

LOCALIZACIÓN: PENA MOURA

PARROQUIA: COUBOEIRA (SANTA MARÍA MADALENA)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: ASENTAMENTO FORTIFICADO / CASTRO

ESTADO DE CONSERVACIÓN:

GRAO DE PROTECCIÓN: II


CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL

Nº DE PLANO: 2.19

ALTITUDE: 250

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
632.958	4.814.899



Castro sobre substrato granítico localizado nunha cima de outeiro, ao que se accede monte a través dende A Pena Moura.


Presenta un diámetro aproximado de 100 m no eixe maior e 50 no eixe menor, cunha superficie total de 0,5 Ha, co punto máis accesible dende o leste.

Difícil identificación. Nas fichas da Xunta indícase que está pendente de confirmación e fábase dunha referencia de Villaamil na que indicaba a existencia de parapetos e unha croa de 300m, referencia que non se puido localizar.

A parte visible non amosa restos xa que a maleza do lugar impide unha visión xeral clara.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA	
DENOMINACIÓN: GA 27030020 CASA DOS CASTROS	Nº DE PLANO: 2.19



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030021 CASTRO DE MASMA; CASTRO DO OUTEIRO

LOCALIZACIÓN: O OUTEIRO

PARROQUIA: MASMA (SANTO ANDRÉ)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: ASENTAMENTO FORTIFICADO / CASTRO

ESTADO DE CONSERVACIÓN: MALO

GRAO DE PROTECCIÓN: II

CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: PATRIMONIAL
ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN
ORDINARIA / DE AUGAS / DE INFRAESTRUTURAS / SOLO DE
NÚCLEO RURAL HISTÓRICO TRADICIONAL

Nº DE PLANO: 2.21

ALTITUDE: 100

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
635.725	4.815.640



O castro está situado ao leste do núcleo de O Outeiro, con acceso principal dende a estrada que vai de Masma a Lourenzá (LU-153).

Se trata dunha pequena planicie elevada sobre substrato pizarroso, no contorno do río Masma. A súa conservación é practicamente nula, pois se edificou na zona e se realizaron traballos agrícolas diversos.

Conta cunha superficie total de 1,8 Ha con dimensións similares nos dous eixes, 150 m e 125 m.

Hoxe en día existen restos das murallas no lado surleste do mesmo.

O acceso ao recinto realízase dende a estrada LU-153, polos lados leste, oeste e su. A estrada corta un foso e unha muralla das defensas, no resto do perímetro só se aprecian desniveis do terreo non atribuíbles directamente ao asentamento antigo.

O lugar aquí referenciado é o indicado nos inventarios da Dirección Xeral de Patrimonio como Topónimo "castro" en Outeiro. Este é o verdadeiro xacemento de Castro de Masma e non o que está inventariado como tal coa coordenada 636238 / 4815237.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA	
DENOMINACIÓN: GA 27030021 CASTRO DE MASMA; CASTRO DO OUTEIRO	Nº DE PLANO: 2.21



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030022 TRINIDADE; MONTE DA TRINIDADE; CASTRO DA TRINIDADE

LOCALIZACIÓN: CHAO DO VAL

PARROQUIA: VILAMOR (SANTA MARÍA)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: ASENTAMENTO FORTIFICADO / CASTRO

ESTADO DE CONSERVACIÓN: MALO

GRAO DE PROTECCIÓN: II

CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: PATRIMONIAL
ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN
FORESTAL / ORDINARIA / INFRAESTRUTURAS

Nº DE PLANO: 2.33

ALTITUDE: 291

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
635.498	4.813.144



Ao xacemento se accede dende o núcleo de Arroxo e dende alí por unha pista que atravesa a N-634.

Trátase dunha cima de outeiro que abrangue unha superficie de 2 Ha e que está, en boa parte, afectada por unha canteira. Fóra da canteira o terreo presenta bastante vexetación que fai difícil a súa definición

No Concello de Mondoñedo se rexistra unha denuncia emitíndose informe por parte do Servizo de Arqueoloxía que se traslada á Delegación da Dirección Xeral de Patrimonio (Lugo).

Procédese a unha inspección superficial da zona que consistiu nunha prospección intensiva onde se atoparon restos cerámicos (de época castrexa ou galaico-romana), metálicos (un machado votivo) e óseos.

Dos escasos materiais atopados os que poden dar máis claridade á tipoloxía deste asentamento son os cerámicos:


A cerámica recuperada é de produción local. Está feita a torno de alta velocidade e non se constatan vidrados.

As pastas presentan desgrasantes micáceos.

A cultura material recuperada parece adscribirse á cultura castrexa polos paralelismos documentados na zona: Castro de Zoñán.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA		
DENOMINACIÓN: GA 27030022 TRINIDADE; MONTE DA TRINIDADE; CASTRO DA TRINIDADE		Nº DE PLANO: 2.33



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030023 MEDORRA DE LINDÍN

LOCALIZACIÓN: BARRAL

PARROQUIA: LINDÍN (SANTIAGO)

TITULARIDADE:

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: OUTROS XACEMENTOS

ESTADO DE CONSERVACIÓN:

GRAO DE PROTECCIÓN: II


CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: AGRÍCOLA

Nº DE PLANO: 2.58

ALTITUDE:

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
634.459	4.808.062



Planicie de media montaña de substrato pizarroso.

A Medorra, segundo os datos da Xunta de Galicia e seguindo os mapas estaría preto do núcleo de Barral de Cima en Lindín.

A mámoa non parece estar no lugar indicado nin nas proximidades do mesmo.

Nunha visita recente ao lugar vese que a zona está afectada polas obras da autovía que alteran seriamente o contorno.

A día de hoxe non existe.

CONCELLO DE MONDOÑEDO
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA		
DENOMINACIÓN: GA 27030023 MEDORRA DE LINDÍN	Nº DE PLANO:	2.58



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030026 ABRIGO DA PENA DA CAPELA

LOCALIZACIÓN: MONTE DA CRUZ

PARROQUIA: FIGUEIRAS (SAN MARTIÑO)

TITULARIDADE:

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: OUTROS XACEMENTOS

ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO

GRAO DE PROTECCIÓN: II


CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: DE INTERESE PAISAXÍSTICO

Nº DE PLANO: 2.11

ALTITUDE: 615

SITUACIÓN (COORD. UTM):


X	Y
628.167	4.816.159



Planicie de montaña, se trata de afloramentos graníticos que conforman un abrigo sen alteracións, ao que non se lle pode determinar unha adscripción ao non terse documentado restos.
O acceso se realiza por pistas de monte dende Figueiras.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA	
DENOMINACIÓN: GA 27030026 ABRIGO DA PENA DA CAPELA	Nº DE PLANO: 2.11



CONCELLO DE MONDOÑEDO
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030027 CASTRO DE MASMA: A VALIÑA

LOCALIZACIÓN: CASTRO DE MASMA

PARROQUIA: MASMA (SANTO ANDRÉ)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: ASENTAMENTO FORTIFICADO / CASTRO

ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO

GRAO DE PROTECCIÓN: II



CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: ORDINARIA

Nº DE PLANO: 2.21

ALTITUDE: 95

SITUACIÓN (COORD. UTM):


X	Y
635.875	4.815.750



Trátase duns terreos de substrato pizarroso, situados ao NL do Castro de Masma, no contorno da Torre de Gorrete. Debemos sinalar que foi aquí, no lado norleste do castro, no lugar denominado A Valiña onde se atoparon varios obxectos de ouro (dous torques, dúas arracadas e dúas láminas de ouro) que cita Villaamil e que actualmente están expostas no Museo Provincial de Lugo.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA	
DENOMINACIÓN: GA 27030027 CASTRO DE MASMA: A VALIÑA	Nº DE PLANO: 2.21



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030028 CASTRO DE TRIGÁS

LOCALIZACIÓN: SAN VICENTE

PARROQUIA: SAN VICENTE DE TRIGÁS (SAN VICENTE)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: ASENTAMENTO FORTIFICADO / CASTRO

ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO

GRAO DE PROTECCIÓN: II

CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: PATRIMONIAL
ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN
ORDINARIA / DE ESPAZOS NATURAIS / DE
INFRAESTRUTURAS

Nº DE PLANO: 2.72

ALTITUDE: 390

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
629.995	4.805.800



O castro está situado ao pé do Camiño de Santiago. Esta zona é a localización da edificación parroquial primixenia da zona.

O edificio que se conserva parece ser do XVI, pero a fundación orixinal apunta máis antiga.

O lugar, situado sobre unha planicie de media montaña sobre substrato pizarroso, presenta amoreamentos de pedra e elevacións no terreo que, probablemente, respondan a estruturas soterradas.


De planta oval, o xacemento conta cunha superficie total de 3 Ha con dimensións de 200 m no eixe N-S e de 150 m no eixe E-W.

Dentro do recinto se encontran a Capela de San Vicente e o cemiterio parroquial. Hoxe non se conservan outras defensas máis que as naturais derivadas do propio contorno.

A bibliografía (Mayán) fala deste xacemento, que está catalogado como referencia pola Xunta.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA		
DENOMINACIÓN: GA 27030028 CASTRO DE TRIGÁS	Nº DE PLANO:	2.72



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030029 CONVENTO EN LINDÍN

LOCALIZACIÓN: O CAXIGO

PARROQUIA: LINDÍN (SANTIAGO)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: ARQUITECTURA MEDIEVAL

ESTADO DE CONSERVACIÓN: MALO

GRAO DE PROTECCIÓN: II

CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN
FORESTAL / DE AUGAS

Nº DE PLANO: 2.52

ALTITUDE: 255

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
636.000	4.809.134



O acceso principal se realiza dende Igrexa Vella por pistas de monte cara o val. Lugar de difícil acceso e moi mal conservado.

A imaxe recolle un dos restos murarios que se constatan no lugar, pertencente a un convento medieval dependente do de Vilanova de Lourenzá.


Consérvanse restos de edificacións preto do Rego do Caxigo parcialmente tapadas pola pista forestal.

As dimensións da edificación son aproximadamente de 20 m no eixe lonxitudinal e 10 m no transversal.

CONCELLO DE MONDOÑEDO
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA	
DENOMINACIÓN: GA 27030029 CONVENTO EN LINDÍN	Nº DE PLANO: 2.52



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030030 OS CASTELOS, CASTELOS

LOCALIZACIÓN: VILOALLE

PARROQUIA: VILOALLE (SANTA MARÍA)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: OUTROS XACEMENTOS

ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO

GRAO DE PROTECCIÓN: I


CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: PATRIMONIAL
ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE
ESPAZOS NATURAIS

Nº DE PLANO: 2.31

ALTITUDE: 386

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
632.019	4.812.738



Ao xacemento se accede a través dunha pista de monte que parte de O Cargadoiro.

No catálogo oficial da Xunta e en inventarios obrantes no Concello de Mondoñedo se remite como xacemento "medieval" chegando a estar catalogado como BIC pola lei de Patrimonio Histórico Español. De todas maneiras este emprazamento foi catalogado, por primeira vez, o 31 de decembro de 1955 por parte de Francisco Mayán Fernández e catalogado como xacemento do Ferro.


O punto máis alto deste xacemento, situado no interior da Serra da Toxiza, é visible dende todo o val de Mondoñedo, chegando incluso a ver o mar.

Ten unha superficie total de 5 Ha con dimensións nos eixes de 250 e 200 metros.

O recinto adáptase ao terreo nun lugar constituído por unha serie de "torretas" naturais de granito que forman abrigos e buratos que se poderían empregar como lugares de resguardo. Os grandes desniveis actúan como defensas naturais. Atopáronse no seu interior fragmentos de cerámica indíxena e unha punta de lanza de ferro.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA		
DENOMINACIÓN: GA 27030030 OS CASTELOS, CASTELOS	Nº DE PLANO:	2.31



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030031 OS CASTROS DA COUBOEIRA
LOCALIZACIÓN: A CAMPÁ/CAPO DE ARCO/PENA CAPELUDA/COTO DO CASTELO
PARROQUIA: COUBOEIRA (SANTA MARÍA MADALENA)
TITULARIDADE: PRIVADA


TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: ASENTAMENTO FORTIFICADO / CASTRO
ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO
GRAO DE PROTECCIÓN: II
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: PATRIMONIAL
ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL

Nº DE PLANO: 2.13

ALTITUDE: 310

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
632.745	4.816.806



O castro está situado sobre a cima dun outeiro de substrato granítico actualmente ocupado por plantacións de eucaliptos.


Conta cunha superficie total de 5 Ha con dimensións nos eixes de 250 m en dirección NW-SE e 200 m no eixe NE-SW.

O acceso ao recinto, que se adapta perfectamente á planicie na que se localiza, se realiza dende o lado oeste de forma bastante tendida. O terreo presenta un importante desnivel, pero na zona oeste e norte parece verse un parapeto. Non parece ter sufrido alteracións, salvo as agrícolas e forestais.

Ademais dentro do contorno de protección existe un conxunto de 12 cazoletas de 11 cm de diámetro situadas no interior dun abrigo natural constituído por varios penedos verticais e un superior a modo de cuberta. No interior de dito penedo poden observarse varios buratos de tipo "cazoletas" picados na pedra e cunhas características que fan pensar nun elemento antigo. Descártase polo lugar no que se atopan qe sexan elementos naturais. O lugar semella unha zona axeitada para un abrigo prehistórico posto que domina o contorno inmediato. A súa cronoloxía e polo momento indeterminada.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA		
DENOMINACIÓN: GA 27030031 OS CASTROS DA COUBOEIRA	Nº DE PLANO:	2.13



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030032 TÚMULO DO MONTE DA CRUZ

LOCALIZACIÓN: MONTE DA CRUZ

PARROQUIA: FIGUEIRAS (SAN MARTIÑO)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: MÁMOAS

ESTADO DE CONSERVACIÓN: REGULAR

GRAO DE PROTECCIÓN: II

CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: DE INTERESE PAISAXÍSTICO

Nº DE PLANO: 2.11

ALTITUDE: 591

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
628.371	4.816.159



Ao xacemento se accede principalmente dende o lugar de Croa en Figueiras, por pistas de monte.

A mámoa está localizada a poucos metros do camiño sobre unha planicie na cima da montaña.

Dun metro de alto, está achatada e no centro presenta cono de violación.


Non se conserva, polo menos en superficie, a pedra da coiraza.

O eixe máis longo de 18 m está orientado en dirección leste-oeste, e o eixe menor, en dirección norte-sur mide 16m.

Cámara aberta, na que se distingue unha pedra no centro.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA	
DENOMINACIÓN: GA 27030032 TÚMULO DO MONTE DA CRUZ	Nº DE PLANO: 2.11



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030033 NECRÓPOLE DE COMBARRO

LOCALIZACIÓN: O COMBARRO

PARROQUIA: SAN VICENTE DE TRIGÁS (SAN VICENTE)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: NECRÓPOLE

ESTADO DE CONSERVACIÓN: REGULAR

GRAO DE PROTECCIÓN: II

CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: ÁREA DE RESPECTO: SOLO DE NÚCLEO RURAL HISTÓRICO TRADICIONAL

Nº DE PLANO: 2.64

ALTITUDE: 403

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
630.104	4.806.107




O conxunto atópase preto da igrexa antiga de San Vicente de Trigás, no medio dun barrio e as tumbas presentan unha tipoloxía antiga.

A necrópole consta dunha serie de lastras e pedras fincadas que lle fan sospeitar de que se poden tratar de restos de tumbas ante os relatos que indicaban que no lugar había enterramentos.

Os restos poderían ser anteriores ao século XI.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA	
DENOMINACIÓN: GA 27030033 NECRÓPOLE DE COMBARRO	Nº DE PLANO: 2.64



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030034 MENHIR DA TOXIZA

LOCALIZACIÓN: A TOXIZA

PARROQUIA: VILOALLE (SANTA MARÍA)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: MENHIR

ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO

GRAO DE PROTECCIÓN: I



CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: PATRIMONIAL
ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE
ESPAZOS NATURAIS / DE INFRAESTRUTURAS

Nº DE PLANO: 2.29

ALTITUDE: 683

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
628.495	4.813.104




Trátase dunha pedra ficada en vertical de granito da zona. A mesma presenta unha pequena inclinación cara o surleste que non debía de ter no momento orixinal da súa construción. Localízase nunha zona de paso natural entre dúas elevacións.

CONCELLO DE MONDOÑEDO
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA	
DENOMINACIÓN: GA 27030034 MENHIR DA TOXIZA	Nº DE PLANO: 2.29



CONCELLO DE MONDOÑEDO
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030035 CASTRA AESTIVA
LOCALIZACIÓN: CABANA VELLA
PARROQUIA: REMEDIOS (OS) (NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS)
TITULARIDADE: PRIVADA


TIPOLOXÍA/ADSCRICIÓN CULTURAL: ASENTAMENTO FORTIFICADO / CASTRO
ESTADO DE CONSERVACIÓN: REGULAR
GRAO DE PROTECCIÓN: I
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: PATRIMONIAL
ÁREA DE RESPECTO: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS

Nº DE PLANO: 2.48/2.55

ALTITUDE: 700

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
627.905	4.808.519




Trátase dun recinto cuadrangular (142x152m) orientado case norte-sur adaptado á pendente do terreo e co muro oeste lixeiramente apuntado. Presenta asociado a este unha especie de trincheira na esquina sur, fóra do recinto propiamente. O recinto conta con un pequeno valo e un foxo exterior e o acceso ao recinto parece estar na zona norte. O asentamento está sobre unha zona natural de paso que da acceso ao val de Mondoñedo.

CONCELLO DE MONDOŃEDO
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA	
DENOMINACIÓN: GA 27030035 CASTRA AESTIVA	Nº DE PLANO: 2.48/2.55



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA

DENOMINACIÓN: GA 27030036 CASTELO DO MONTE DA ARCA

LOCALIZACIÓN: MONTE DA ARCA

PARROQUIA: ARGOMOSO (SAN PEDRO)

TITULARIDADE: PRIVADA

TIPOLOXÍA/ADSCRIBIÓN CULTURAL: ASENTAMENTO FORTIFICADO / CASTRO

ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO

GRAO DE PROTECCIÓN: I

CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN: PATRIMONIAL
ÁREA DE RESPECTO:

Nº DE PLANO: 2.51

ALTITUDE: 446

SITUACIÓN (COORD. UTM):

X	Y
634.056	4.808.422



Xacemento constituído por dous parapetos separados por un foxo, que configuran un semicirculo cara ao sur; o parapeto interior acada unha altura maior canto máis ao oeste (uns 7 metros). A distancia entre a parte superior de ambos parapetos e o foxo alcanza os 11 metros. Obsérvanse tramos de muros de cachotería. Estas estruturas defensivas delimitan unha zona elevada en forma de U, dunha anchura aproximada de 15 metros. A delimitación do recinto cara ao norte ven dada pola forte pendente, case vertical. Non se observan restos de cultura material en superficie. O xacemento atópase invadido por unha mesta vexetación de monte baixo e arboredo pero está pouco alterado.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

ARQUEOLOXÍA	
DENOMINACIÓN: GA 27030036 CASTELO DO MONTE DA ARCA	Nº DE PLANO: 2.51

